

# O esquecido drama de Cabinda

*Orlando Castro*

**O**s cabindas continúan a reivindicar, e desde 1975 fano con armas na man, a independencia do seu territorio. No intervalo dos tiros, e antes diso dunha forma pacífica, nomeadamente cando Portugal anunciou en 1974 o dereito á independencia dos territorios que ocupaba, a poboación de Cabinda reafirma que o seu caso nada ten a ver con Angola.

En termos históricos, que Portugal parece teimar en esquecer, Cabinda estaba baixo a “protección colonial”, á luz do Tratado de Simulambuco, polo que o Dereito Público Internacional lle reconece o dereito á independencia e, nunca, como aconteceu, a integración en Angola.

Relémbrese que Cabinda e Angola pasaron para a esfera colonial portuguesa en circunstancias moi diferentes, para alén de seren máis as características (étnicas, culturais, etc) que afastan aos cabindas dos angolanos do que as que os unen. Acrecenta esta separación a distancia física dos territorios e o feito de só en 1956, Portugal ter optado, por economía de medios, por xuntar administrativamente os dous territorios.

## **A loita pola independencia**

---

Con preto de dez mil quilómetros cadrados, Cabinda é maior que S. Tomé e case do tamaño da Gambia. Posúe recursos naturais que lle garanten, caso de se tornar independente, ser un dos países máis ricos do continente africano. A nivel agrícola, das pescas, pecuario e forestal ten grandes potencialidades mais, de feito, a súa maior riqueza está no subsolo: petróleo, diamantes fosfatos e manganeso.

A procura da independencia data, no entanto, de 1956. Catro anos despois da unión administrativa con Angola, fórmase o Movimento de Libertação do Enclave de Cabinda (MLEC) e, en 1963, dous anos despois do inicio da guerra en Angola, son creados o CAUNC (Comité de Acção da União Nacional dos Cabindas) e o ALLIAMA (Aliança Maiombe).

A FLEC (Frente de Libertação do Enclave de Cabinda) é fundada nese mesmo ano, como resultado da fusión dos movementos existentes, con obxecto de unir esforzos que sensibilizasen a Portugal co desexo de independencia. Era o seu líder Luís Ranque Franque.

A este propósito, algúns observadores refiren que o programa de acción da FLEC (elaborado na altura da xunción de todos os movementos cabindas) era nos aspectos político, económico, social e cultural moi superior ao dos seus conxéneres angolanos, MPLA (Movimento Popular de Libertação de Angola) e UPA (União dos Pobos de Angola).

## A dominación portuguesa

---

Cabinda, ao contrario do que pasou con Angola, foi “adquirida” por Portugal no fin do século XIX, en función de tres tratados: o de Chinfuma, a 19 de setembro de 1883; o de Chicamba, a 20 de decembro de 1884; e o de Simulambuco, a 1 de febreiro de 1885, tendo este anulado e substituído aos anteriores. Recórdese que estes tratados foron asinados nunha altura en que, nin sempre de forma ortodoxa, as potencias europeas tentaban consolidar as súas conquistas coloniais. A Acta de Berlín, asinada en 26 de febreiro de 1885, consagrou e recoñeceu a validez do Tratado de Simulambuco.

No caso de Angola, a ocupación portuguesa remóntase a 1482, altura en que Diogo Cão chega ao territorio. E, ao contrario do que aconteceu en Cabinda, a colonización portuguesa en Angola sempre tivo serias dificultades e constantes confrontacións coas poboacións, das que son exemplos destacados, nos séculos XVI e XVIII, a resistencia dos Bantos e, maiormente, da tribo N’Gola.

É aínda histórico o feito de a instalación dos portugueses en Angola ter sido feita pola forza, sen encadramento xurídico participado polos indíxenas, mentres a de Cabinda se deu, *de facto* e *de iure*, coa celebración dos referidos tratados, subscritos polas autoridades vixentes na potencia colonial e no territorio a colonizar.

Segundo a letra e o espírito do Tratado de Simulambuco, asinado por príncipes, gobernadores e notábeis de Cabinda (e pacificamente aceptado polas poboacións), o territorio ficou “baixo a protección da Bandeira Portuguesa”. Vinte cruces e dúas asinaturas de cabindas e a do comandante da corveta Rainha de Portugal, Augusto Guilherme Capelo, selaron o acordo.

Dubídase que a terminoloxía xurídica de entón, e constante do tratado, teña sido comprendida polos subscritores cabindas. No entanto, crese que a síntese do texto tiña sido entendida, xa que se refería apenas á “manutención da autoridade, integridade territorial e protección”. No contexto histórico da época, o Tratado de Simulambuco reflicte tanto á luz do Dereito Internacional como do interno portugués, algo semellante aos dos protectorados franceses de Tunisia e de Marrocos.

A pesar da anexión administrativa, Cabinda sempre foi entendida por Portugal como un asunto e un territorio distintos de Angola. A propia Constitución Portuguesa de 1933, cita no nº 2 do Artigo 1 (Garantías Fundamentais), a Cabinda de forma específica e distinta de Angola.

Partindo desta realidade constitucional, a ligazón administrativa rexistrada en 1956 nunca foi entendida como unha fusión con Angola.

## Represión relixiosa

---

Ao longo dos tempos, nomeadamente a partir da independencia de Angola (11 de novembro de 1975), a Igrexa Católica en Cabinda denuncia un cons-

tante clima de represión sobre os seus fieis, imposto polo Goberno de Luanda, por considerar que os relixiosos defenden a autonomía do territorio ou até mesmo a independencia.

Recentemente, marzo de 2006, o padre João de Brito Luemba, afirmou publicamente que os católicos que frecuantan a Igrexa da Imaculada Conceição son constantemente perseguidos pola policía.

Este clima demostra, segundo o sacerdote, unha auténtica intromisión do poder político, nomeadamente dos axentes de seguranza, na suposta liberdade relixiosa propalada polo Goberno de Luanda. É cada vez máis vulgar ver nas parroquias de Cabinda militares armados e, como se iso non bastase, exercerem vixilancia estreita e intimidatoria ás residencias dos sacerdotes.

A isto xúntase que, a título da loita contra a criminalidade, Luanda continúa a prender a todos aqueles, maiormente mozos, que encontran na Igrexa Católica o apoio social para continuaren a sobrevivir.

Un dos casos máis recentes é o da prisión do secretario xeral do Consello da Juventude da Paróquia da Imaculada Conceição, Xavier Tati, acusado de ter cometido inxurias contra algúns superiores da Igrexa.

## **Tese do Goberno de Luanda**

---

A pesar de o Goberno angolano ter proposto unha resolución de paz para o conflito de Cabinda, os seus homólogos no enclave aínda non foron convidados. O xefe do Estado Maior Xeneral das Forzas Armadas Angolanas, xeneral Agostinho Nelumba “Sanjar”, afirma que *“o Goberno abriu un diálogo e, nun futuro próximo, o problema será resolvido”*, mais parece esquecer que non é pola vía militar que a situación será resolvida.

De acordo con Raúl Danda, representante da organización non gobernal (ONG) Mpalabanda-Associação Cívica de Cabinda (MACC) e membro do Fórum Cabindês para o Diálogo (FCD), *“Sanjar afirma que haberá moi en breve unha solución de paz para Cabinda, mais esquecese de envolver ás partes locais e de ouvir a poboación sobre o asunto”*.

Danda afirma que o FCD recibiu no día 2 de febreiro un documento oficial do Goberno angolano *“sobre o estatuto especial para Cabinda”*, que estipulaba esencialmente os principios de discusión que conducen á autonomía.

O Fórum Cabindês para o Diálogo, que inclúe representantes da Frente de Libertação do Enclave de Cabinda (FLEC), da MACC, da Igrexa de Cabinda e doutros grupos da sociedade civil e dos dereitos humanos, é recoñecido como o corpo representante dos movementos separatistas do enclave. *“Concordamos con tres principios: o principio da negociación directa co Goberno angolano, o principio do cesar o fogo e o principio de conceder un estatuto especial a Cabinda”*, observou Danda.

## Diferentes teses sobre Simulambuco

Eugénio Costa Almeida, mestre en Relacións Internacionais e especialista en cuestións da Lusofonía, considera que Simulambuco non é un Tratado senón, antes, un Acordo.

Acordo e non Tratado porque, di Eugénio Costa Almeida, o que foi celebrado en 1885, segundo a xurisprudencia internacional foi un Acordo de soberanía (a pesar de no referido documento estar “*protectorado de Portugal, tornándonos, de facto, súbditos da coroa portuguesa*”) e non un Tratado.

*“Este é o primeiro erro que algúns analistas continúan a manter. O segundo, que non deixa de ser grave porque son os dirixentes locais quen o sustentan, ten a ver coa data da celebración do Acordo: este foi celebrado entre algúns príncipes e xefes locais cabindas e o capitão-tenente<sup>(1)</sup> Brito Capelo, comandante da corveta “Rainha de Portugal” en nome da coroa portuguesa, non a 1 de febreiro, senón a 22 de xaneiro de 1885”, di Eugénio Costa Almeida.*

Mentres este especialista di que, “*como angolano non se ve separado de Cabinda*”, eu como angolano só me vexo angolano de pleno dereito cando os cabindas tiveren dito libremente como queren ser e estar no contexto das nacións.

A pesar da tese que defende, Eugénio Costa Almeida recoñece que “*as especificidades do territorio danlle garantías para gozar do dereito a un estatuto especial: unha autonomía incorporada: por outras palabras, unha autonomía política, social e económica, baixo a tutela governativa (defensa e relacións externas) de Luanda*”.

Eugénio Costa Almeida recorda que cando en 1884/85, en Berlín, as potencias colonizadoras decidiron dividir África con regra e cartabón, Berlín 1884/85, o articulado dese acordo establecía a libre circulación polo río Congo ou Zaire (primeiro Nzaidi e despois Zairi e Zaire) tendo o rei belga Leopoldo II, na práctica o verdadeiro dono da coutada á que chamou Association Internationale Africaine, embrión do futuro Estado Libre do Congo, decidido levar a efecto unha Conferencia –que foi aproveitada polo chanceler prusiano Bismarke– esixindo unha saída para o mar.

*“E foi así que Portugal ficou cun pequeno territorio encravado entre os territorios francés e belga, mais sen consistencia xurídica ou política”, defende este mestre en Relacións Internacionais, acrecentando que “de aí que o reino portugués comezase a ver perigar a súa posición na rexión (feito que levaría tamén á perda de Angola porque, non teñamos dúbidas, ingleses e alemáns vían este territorio como unha mina a conquistar) e se decidise por impor –e esta é a palabra certa– un Acordo aos pobos cabindas”.*

Eugénio Costa Almeida recoñece, con todo, que o propio preámbulo do documento (Acordo ou Tratado) di que “*os signatarios cabindas afirmaban que*

(1) NdT: un dos oficiais superiores da Marinha Portuguesa.

*face aos acontecementos que se verificaban no continente africano, solicitaron ao comandante Brito Capelo que, en nome do rei portugués, con eles celebrase un tratado polo cal ficarían baixo o protectorado de Portugal, tornándonos, de feito, súbditos da coroa portuguesa, como xa o éramos por hábitos e relacións de amizade”.*

Na perspectiva deste especialista angolano-portugués, “*Cabinda independente de Angola rapidamente sería partillada entre os dous Congos*”.

Á luz do dereito internacional a potencia administradora de Cabinda aínda é Portugal e Lisboa terá, por moitas que sexan as presións de Luanda, que comprender que Cabinda non é, nunca foi, nunca será unha provincia de Angola.

Acepto que, por manifesta ignorancia histórica e política, os gobernantes portugueses pensen que Cabinda sempre foi parte integrante de Angola. Mais se estudaren algo sobre o asunto, verán que nunca foi así, a pesar do branqueamento dado á situación polos subscritores portugueses dos Acordos de Alvor.

Canto aos outros subscritores, desde sempre Agostinho Neto (MPLA, Movimento Popular de Libertaçã de Angola), Holden Roberto (FNLA, Frente Nacional de Libertaçã de Angola) e Jonas Malheiro Savimbi (UNITA, União Nacional para a Independência Total de Angola) souberon que Cabinda era algo diferente. Basta ver as posicións máis recentes tanto da FNLA como da UNITA que defenden unha solución negociada para Cabinda.

### **Impor a paz pola forza non leva á paz**

Atrocidades cometidas polas Forzas Armadas angolanas en Cabinda e susceptíbeis de fundamentar a actuación do Tribunal Penal Internacional son constantemente denunciadas polo que, como di o padre Raúl Tati, “*se hai país en que os Estados Unidos da América debían intervir, ese país é Angola, debido ao que pasa en Cabinda. Non basta facer denuncias. É preciso realizar accións que pretendan a responsabilización penal dos autores morais e materiais das violacións*” que están a ser perpetradas en Cabinda, salienta o padre Tati.

No mesmo sentido se pronuncia o xornalista angolano Rafael Marques, que sustenta a necesidade de sentar no “banco dos reos” (ao presidente de Angola) José Eduardo dos Santos e os seus “cabos de guerra”.

Partidario dunha declaración de independencia do enclave, Raúl Tati considera que a “*negación dunha independencia separada en relación a Angola debe ser asumida efectivamente como a primeira grande violación que o réxime do MPLA impuxo impunemente ao pobo de Cabinda desde 1975, altura en que, coa complicidade activa de Portugal, invadiu e ocupou*” aquel territorio.

Tati apela ás opinións públicas portuguesa e internacional para que “*fagan todo, mais absolutamente todo, para se acabar coa carnaxe en Cabinda e para se devolver a dignidade ao seu pobo*”.

Imputando ao presidente José Eduardo dos Santos o “pleno coñecemento” do que acontece en Cabinda, “por acción dos seus subordinados”, Rafael Marques é da opinión de que o xefe de Estado angolano “*asume, por mandato ou consecuencia, a responsabilidade criminal por eses actos*”.

Martinho da Cruz Nombo, que exerceu entre 1995 e 1999 as funcións de vice-gobernador provincial de Cabinda, salienta que se asiste “*hoxe a escenas deplorábeis e incomprensíbeis á luz dun Estado que se di de Dereito e democrático*”.

Entre esas escenas, Martinho da Cruz Nombo evoca detencións arbitrarias, intimidación psicolóxica, ameazas e ofensas corporais permanentes, execucións sumarias, buscas en residencias particulares sen mandato xudicial, violación de menores, destrución de aldeas e de campos agrícolas e privación de bens.

Face ao conflito en curso, o ex-vice-gobernador provincial sustenta que a sociedade civil e as dúas alas militares da Frente de Libertação do Enclave de Cabinda (FLEC) “*poden constituír o verdadeiro interlocutor para discutir o futuro*” do territorio.

Nese sentido, desafia ás institucións internacionais a promoveren “con urxencia” unha investigación internacional independente sobre as denuncias de “limpeza étnica” realizadas polo réxime de Luanda e que “*son indicio de crimes de guerra e crimes contra a humanidade*”.

Partidario, a medio prazo, da obtención de autonomía, mais “*sen pechar as portas a outras solucións*”, maniféstase Justino Pinto de Andrade, militante do MPLA e eventual candidato á Presidencia da República de Angola... cando houber eleccións.

Justino Pinto de Andrade prefire situar a xénese do “Caso Cabinda” no que clasifica “triste herdanza colonial”, defendendo que a “*violencia que ten lugar (no enclave) debe cesar inmediatamente, antes mesmo de que se axusten formas adecuadas para as relacións futuras*”.

Alén de Cabinda, persisten situacións de “*miseria, de auténtico abandono*” noutras partes de Angola, e Justino Pinto de Andrade recea que despois do enclave “*mañá, outras ondas de choque se propaguen para o resto do país*”.

Crítico do “formato centralizador” que o réxime angolano ten adoptado nas relacións coas diferentes rexións do país, e que “*será sempre un verdadeiro barril de pólvora, pronto a explotar*”, aquel militante do MPLA é da opinión de que esa situación pode ser previda.

“*Basta exorcizarmos todos os fantasmas, ben os do pasado, ben os resultantes dalgunhas deformadas ideoloxías, ou até os decorrentes de meras ambicións persoais*”, defende.

---

*Orlando Castro é xornalista angolano, colaborador de diversos medios portugueses.*

## Cabinda, segundo N'Zita Henriques Tiago

*“É co sangue no corpo e as lágrimas nos ollos que nos diriximos a vós, o nobre pobo Luso. Nós Cabindas aprendemos a admirar ao Infante Don Henrique, Diogo Cão, Vasco da Gama. Ouvimos falar de El-Rei D. Carlos, do 5 de outubro e do 25 de abril. Foinos prometido o diálogo, mais el nunca se materializou. O roubo por parte dos angolanos das nosas riquezas (o petróleo, madeiras, diamantes, ouro, etc) mantén ao pobo de Cabinda na miseria, e quen as rouba é o MPLA, coa axuda da multinacional Chevron Texaco. Eles viven por riba da lei e son impunes ás leis internacionais”, afirma N'Zita Henriques Tiago.*

“Angola, que nos invade, é o país máis corrupto do mundo, é sen sorpresa un dos máis pobres, a pesar das riquezas que posúe e das que rouba á nación de Cabinda. En Angola unha en cada catro crianzas morre antes de chegar ao primeiro aniversario.

Así está o país que as autoridades portuguesas nos deixaron. Angola recibe en ingresos do petróleo 5 billóns de dólares por ano, 4 billóns son provenientes do petróleo roubado á nación de Cabinda. Mais o diñeiro do petróleo só ten enriquecido aos Luandeses. O presidente criminal Eduardo dos Santos é o angolano máis rico do país.

Nós somos un espiño cravado na alma lusitana, que non encontrará sosego mentres non se redima do esquecemento a que nos teñen relegado.

Hai novas Aljubarrotas a trabar, para que se cumpra o designio que vos trouxo até estas paraxes.

A Historia non acabou coa descolonización. A descolonización aínda non acabou.

Hai aquí unha diocese escravizada, onde os padres son os mellores amigos do pobo. Hai aínda a esperanza nun milagre.

A Independencia de Cabinda é unha inevitabilidade histórica, que máis cedo ou máis tarde terá que suceder. Nós sabemos que vós sodes o pobo de Santo Antonio, da Raíña Santa. Rezade por nós.

Quen tan ben soubo aplaudir a D. Ximenes Belo, bispo de Dili, tamén saberá con certeza ouvir a D. Paulino Fernandes Madeca, o noso bispo, cando a todos chama a atención para aquilo que sufrimos. Temos un vigário-geral<sup>(2)</sup> e temos sacerdotes que son os nosos auténticos anxos da garda, bendicíndonos e curándonos as feridas cando caemos por terra, vítimas da violencia. Temos, ante todo, o desexo de preservar a nosa identidade, que non é a mesma dos congoleses ou dos angolanos.

É apenas a dun pobo de 600 ou 700 mil almas que ten unha cultura propia, alicerzada hai máis de 120 anos.

Nós vos pedimos que no voso Parlamento, nas vosas escolas, nas vosas radios, faledes de nós, os Cabindas, aqueles que sofren mais non desisten, os que prefiren ser mártires a claudicar, a ceder.

En Lisboa, no Porto, no Funchal, en Angra do Heroísmo, falade de nós, axudádenos!

Axudádenos a loitar polo que é xusto e é debido ao pobo de Cabinda”.

(2) NdT: párroco dalgunhas freguesías que representa ou substitúe ao bispo.